

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2022 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes ao abeiro da Resolución do 4 de maio de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas do programa Consolida Bio para o apoio á consolidación do sector biotecnolóxico a través de plans de investimento e innovación, financiados no marco do eixe REACT-EU do programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) de Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento IN861A).

O 19 de maio de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 4 de maio de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas do programa Consolida Bio para o apoio á consolidación do sector biotecnolóxico a través de plans de investimento e innovación, financiados no marco do eixe REACT-EU do programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) de Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento IN861A).

No punto 3 do artigo 10 establecíase que o prazo de presentación de solicitudes sería dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Tendo en conta que se trata dunha nova convocatoria de axudas e que as pemes están a afrontar unha etapa complexa en canto a xestión da incerteza da súa actividade empresarial diaria, considérase conveniente ampliar o prazo de presentación de solicitudes en 10 días hábiles.

Consecuentemente con todo o anterior, a directora da Axencia Galega de Innovación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación,

RESOLVE:**Artigo 1**

Amplíase en 10 días hábiles, ata o 5 de xullo de 2022, o prazo de presentación de solicitudes previsto no artigo 10 da Resolución do 4 de maio de 2022 pola que se establecen



as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas do programa Consolida Bio para o apoio á consolidación do sector biotecnolóxico a través de plans de investimento e innovación, financiados no marco do eixe REACT-EU do programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) de Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento IN861A).

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2022

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: kya1fbe8-1jv1-2sz7-fjc1-y5yub1ja8ov9

